

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE TOÉN

#### *EXTRACTO DAS AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONDUCCIÓN A E B PARA OS/AS MOZOS/AS DO CONCELLO DE TOÉN*

Extracto das axudas para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén

#### **BDNS (Identif.): 818836**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818836>)

Primeiro. Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias os/as mozos/as do Concello de Toén que reúnan os seguintes requisitos:

Estar empadroadado/a no Concello de Toén cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento de presentar a solicitude (en caso de autorización, será comprobada de oficio polo órgano instrutor do procedemento).

Ter obtido o permiso de condución A ou B no período comprendido entre os días 01/01/2024 e 31/08/2025.

Non ter cumpridos os 26 anos no momento de obter o permiso de condución.

Segundo. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a tramitación e concesión, por parte do Concello de Toén, mediante a convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia non competitiva, de subvencións para obter o permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén.

Terceiro. Bases reguladoras

Están publicadas de xeito íntegro na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarta. Contía

A contía das axudas será de 150,00 € para obter o permiso de condución A e de 300,00 € para obter o permiso de condución B, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e remata o día 15/09/2025.

Toén, 6 de marzo de 2025. O alcalde.

Asdo.: Ricardo González Gómez.

**R. 553**

